



NORMAS INTERNAS DO EDC VERIN XIMNASIA RÍTMICA

A finalidade destas normas non é outra ca de describir o bo funcionamento do clube en canto a normas, deberes e responsabilidades de todos os membros pentencentes ao EDC VERIN Ximnasia Rítmica

O que pretendemos no noso clube e que cada ximnasta asista para adestrar, aprender e superarse o máximo posible.

NORMAS PARA AS XIMNASTAS

- Asistencia con puntualidade os adestramentos que se convoquen.
- Asistencia con puntualidade aos campionatos oficiais ou amistosos
- As ximnastas deberán respetar as normas de conducta básicas de respecto, apoio, solidaridade, etc., tanto nos adestramentos coma nas competicións, representando con DEPORTIVIDADE a imaxe do clube.
- No caso de lesión ou accidente e como obxecto de realizar un correcto tratamento e seguimento deberase informar inmediatamente á adestradora e seguir as instrucións que esta indique, con obxecto de acudir ós centros do seguro deportivo da temporada vixente.
- No caso de que unha/un ximnasta por unha lesión ou accidente decida unilateralmente acudir á seguridade social debe de saber que os gastos de asistencia poden ser facturados e que o clube non se fará, baixo ningún concepto, cargo deles.
- As/os ximnastas deberán ter coidado do seu material e da súa imaxe tanto nos campionatos oficiais coma nos amistosos (peiteado, maquillaxe, maillot, chándal...)xa que son moi importantes neste deporte.
- As decisións de carácter deportivo: métodos de adestramento, asistencia ás competicións, vestiario da adestradora, non sendo obxecto de discusión con outras persoas.
- A indumentaria tanto para competicións oificiais ou amistosas correrán a cargo das ximnastas.

NORMAS NOS ADESTRAMENTOS

- O vestiario e a zona de adestramento é de USO EXCLUSIVO por parte das ximnastas e das adestradoras.
- Por razóns pedagóxicas, NON está permitido que os pais, familiares ou amigos das alumnas/os permanezan a vista destas durante os adestramentos.
- Os familiares das/os ximnastas poderán falar ca adestradora de cantos temas estimen oportunos, aínda que para facelo de forma ordeada e non entorpecer o adestramento do resto de ximnastas, deberán facelo concertando unha cita previa acordando o momento máis adecuado para ambas partes.
- É OBRIGATORIO acudir ó adestramento con roupa de deporte e cabelo recollido.
- Todas as ximnastas deberán coidar e facer uso adecuado das instalacións do Clube e do material deportivo proporcionado polo mesmo.
- É OBRIGATORIO estar uns minutos antes da hora de comezo do adestramento para que as/os ximnastas dispoñan de tempo suficiente para cambiarse de roupa e comezar o adestramento con puntualidade.
- As faltas de asistencia os adestramentos deberán ser comunicadas á adestradora.
- Recoméndase as/os ximnastas que non porten obxectos de valor a fin de evitar calquera sustracción ou perda.
- Todas as/os ximnastas farán uso das instalacións que deban e no horario establecido.
- As adestradoras non se farán responsables do que ocorra cas/os ximnastas e recolle/las ó seu respectivo horario.

CUOTAS DO CLUBE

A Matrícula do Clube Deportivo Ximnasia Rítmica de Verín será de 150 € anual, 75 € bimensual ou 50€ trimestral. Esta cuota inclúe adestramentos, licencia federativa, seguros, comisións banco, materiais...

*En caso de incumprimento de pago será imprescindible antes do retorno á actividade normal, o pago e actualización das deudas acumuladas.